

# MEDIDAS FRONTE A CARESTÍA DE VIDA NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



**A**s cifras de persoal ao servizo das administracións públicas mostran como dende o ano 2010 se produciu unha diminución constante até o 2017 no que comezou unha tímida recuperación que se consolidou no ano 2021, ano no que se recuperaron as cifras do 2010.

Nos salarios, dende o mazazo do ano 2010 no que sufrimos unha perda de poder adquisitivo do 8%, a evolución tamén foi negativa (exceptuando os anos 2014 e 2015 grazas á inflación negativa ou 0) até o ano 2018 no que tamén comezou unha tímida recuperación. Pero a diferenza do que ocorreu coas cifras de persoal ao servizo das administracións no ano 2021 e 2022, a consecuencia da desbocada inflación, a perda de poder adquisitivo acumulada dende o ano 2010 do persoal empregado público é do 17,30%

Levou 11 anos para voltar ás cifras de persoal ao servizo das administracións públicas no estado español.

E para recuperar o poder adquisitivo perdido polas persoas empregadas públicas dende o ano 2010 canto temos que agardar?

Ano	Número de Efectivos
2010	2.698.628
2011	2.683.370
2012	2.685.837
2013	2.576.746
2014	2.551.123
2015	2.544.804
2016	2.519.280
2017	2.523.167
2018	2.553.505
2019	2.578.388
2020	2.597.712
2021	2.711.059

**En doce anos de acoso ao persoal, este acumula un -17,30% de perda de poder adquisitivo.**

A implantación da taxa de reposición no ano 2010 provocou unha minoración no número de persoal da administración que custou 11 anos en recuperar

Nos salarios a situación é moito peor. Nos 12 anos transcorridos dende o inicio do acoso ao persoal empregado público acumulamos un -17,30% de perda de poder adquisitivo. Non só non recuperamos os niveis do ano 2009, senón que vemos como progresivamente nos imos empobrecendo, até niveis de que o persoal das categorías e grupos máis baixos da administración viron actualizados os seus


salarios grazas ao incremento do salario mínimo interprofesional.

Evolución IPC-Salarios 2010-22			
	IPC ESTADO	VARIACIÓN	PODER ADQUISITIVO
2010	3,00	-5,00	-8,00
2011	2,40	0,00	-2,40
2012	2,90	0,00	-2,90
2013	0,30	0,00	-0,30
2014	-1,00	0,00	1,00
2015	0,00	0,00	0,00
2016	1,60	1,00	-0,60
2017	1,10	1,00	-0,10
2018	1,20	1,75	0,55
2019	0,80	2,50	1,70
2020	-0,50	2,00	2,50
2021	6,50	0,90	-5,60
2022 (abril)	3,30	2,00	-1,30
2010-2022	24,40	6,10	-17,30

Fonte dos datos:

IPC interanual até 2021 (mes do decembro): INE

IPC 2022: (mes de abril): INE



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

É preciso mudar radicalmente esta situación. Non podemos permitir que no momento en que o IPC está disparado se pretenda impoñer o denominado “pacto de rendas”. O Goberno español xa anunciou que non subirá o IPC ao persoal das Administracións públicas. Ademais, engadiu que aplicará a mesma subida que para o sector privado, unha negociación que está novamente nas mans desa farsa denominada “diálogo social” entre as cúpulas patronais e sindicais de CEOE, UGT e CCOO. De se confirmar esta intención, a CIG conclúe que a resultante das negociacións que se están producindo entre os sindicatos estatais e as empresas concluirán co temido “pacto de rendas”: que a clase traballadora e, por

consequente, o persoal do sector público, volva cargar nas súas costas cos efectos dunha nova crise.

Ás condicións laborais do persoal das Administracións Públicas non pode estar ligadas aos beneficios empresariais tal como se pretende, condicionando o aumento salarial ao acordo do pacto de rendas.

Non podemos permitir que se anuncien escandalosos incrementos en gastos militares mentres se nos pretende seguir sumindo na perda de dereitos e de poder adquisitivo.

Hai que derrogar definitivamente toda a lexislación agresiva destes anos, poder recuperar as pagas extras completas e os dereitos roubados:

- **Derrogación definitiva do RD-Lei 8/2010 o RD-Lei 20/2011 e RD-Lei 20/2012 que limitan a recuperación do poder adquisitivo**
- **Derrogar o apartado 2 do artigo 7, RD 861/1986 que impón límites nas retribucións dos funcionarios da Admón. Local e incompatíbeis co novo sistema retributivo deseñado polo RDL 5/2015**
- **Derrogación do RD 462/2002 e unificación dos grupos existentes**

Cómpre desenvolver a carreira profesional para paliar os efectos da parálise producida nas administracións durante estes anos e hai que implantar a xornada laboral máxima e flexíbel de 35h. E por suposto é preciso eliminar a nefasta taxa de reposición que

leva provocado a asfixia funcional das administracións, a privatización dos servizos e a precarización do persoal.

Por último e non menos importante, temos que recuperar o poder adquisitivo perdido. Para iso é necesario:

- **O establecemento dunha cláusula de revisión salarial vinculada ao IPC e non ao PIB como asinaron CC.OO, UGT e CSIF co goberno do PP en marzo do 2018.**
- **Un incremento salarial do 5% en cada unha das tres anualidades do período 2022-2024, con efectos do 1 de xaneiro deste ano para paliar a fenda salarial entre grupos e categorías arrastrada e incrementada durante anos. Unha parte do incremento salarial, calculado en porcentaxe da masa salarial, debe ser repartido de xeito lineal.**



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA